

Liña de axudas para a presentación de propostas nas convocatorias xestionadas polo ERC

As axudas xestionadas polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, *European Research Council*) apoian ao persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 27 Estados Membros da Unión Europea e países asociados ao Programa Marco da UE. A tal fin o ERC conta, entre outras, coas seguintes modalidades de axudas,

- **ERC Starting Grant (StG):** dirixida a apoiar ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, para a creación do seu propio equipo de investigación independente.
- **ERC Consolidator Grant (CoG):** enfocada a apoiar ao persoal investigador, con entre máis de sete e até doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, co fin de consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
- **ERC Advanced Grant (AdG):** para apoiar ao persoal investigador activo cun historial de logros científicos salientable nos últimos 10 anos e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.
- **ERC Synergy Grant (SyG):** cuxo obxectivo é apoiar proxectos de investigación na fronteira do coñecemento que estean liderados por entre 1 a 4 investigadores/as principais que traballan conxuntamente e de xeito complementario para o seu desenvolvemento.

Obxecto das axudas

Esta liña de axudas da Vicerreitoría de Investigación e Innovación ten por obxectivo potenciar a participación do persoal investigador da USC nas convocatorias xestionadas polo ERC, enmarcadas no Piar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco da Unión Europea Horizonte Europa, promovendo a excelencia e a internacionalización do persoal investigador da USC.

Especificamente vai dirixida ás convocatorias ERC-2022-StG, ERC-2022-CoG e ERC-2022-AdG publicadas polo ERC, e cuxo peche teña lugar ao longo do ano 2022.

Características das axudas e financiamento

Esta Liña de axudas está dirixida a co-financiar os gastos asociados aos traballos de asesoramento ou consultaría necesarios para a preparación e presentación de novas propostas que resulten elixibles nas convocatorias de Horizonte Europa xestionadas polo ERC. Ditas propostas presentaranse sempre baixo a supervisión da Área de Promoción e Proxectos Internacionais da Vicerreitoría de Investigación e Innovación

Cada unha das axudas concedidas poderá cubrir total ou parcialmente os gastos asociados cun límite máximo de **2.500 €**.

Esta axuda será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para os mesmos custos elixibles, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da UE ou de organismos internacionais sempre que o importe conxunto das mesmas sexa tal que non supere o custo total.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación dedicará un importe máximo de 15.000 € con cargo ao seu orzamento para o 2022 dirixido ao financiamento das referidas axudas



Prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo estará aberto ao longo do ano 2022.

Para a solicitude e percepción da axuda é necesaria a presentación da seguinte documentación:

- Copia da Autorización de gasto e da Factura pagada da consultora
- Conta ORCID do IP que deberá estar activa e actualizada a 2022 no momento de solicitar a axuda

A documentación presentarase a través do **registro da Sede Electrónica da USC** con oficio dirixido á **Subárea de Convocatorias e Programas de RRHH - Área de Xestión da I+D** da **Vicerreitoría de Investigación e Innovación** indicando no Asunto da Solicitude **Axudas convocatorias ERC-2022**.

25 de xaneiro de 2022

Vicerreitoría de Investigación e Innovación